

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



REACCIÓN
POLO CLIMA

OBXECTO

O concurso Reacción polo Clima, que ten como finalidade promover a loita contra o cambio climático a través de manifestacións artísticas visuais e, deste xeito, potenciar o talento da mocidade e amosar as súas reivindicacións neste ámbito.

PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- **Persoas físicas**

- Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos na data de presentación da solicitude
- Estar empadroadas en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra

- **Persoas xurídicas**

- Ser entidades que teñan a súa sede fiscal na provincia de Pontevedra
- Que polo menos o 50 % das persoas administradoras ou membros da xunta directiva sexan persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos

PREMIOS E FORMATO

Os premios convocados están dotados cun importe de catro mil (4.000,00) euros:

Primeiro premio: 2.400,00 euros

Segundo premio: 1.000,00 euros

Terceiro premio: 600,00 euros

Os traballos serán en formato audiovisual e admitirase calquera tipoloxía empregada pola mocidade nas redes sociais ou medios de difusión de natureza similar (por exemplo, Instagram, TikTok, YouTube etc.)

A duración máxima do vídeo será dous minutos e medio

A institución provincial queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que poidan incurrir as persoas participantes

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes e proxectos será de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO)

TODA A INFORMACIÓN ESTÁ DISPOÑIBLE EN WWW.DEPO.GAL

PARA CALQUERA ACLARACIÓN SOBRE O CONTIDO DAS BASES

Poderá poñerse en contacto co Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do enderezo de correo electrónico: cohesionsocialexuventude@depo.gal